

Martínez Conde: a tona do silencio

Por Anxo Tarrío Varela

Xa vai para dous séculos que a xuventude está a gozar dun privilexio inmerecido, por gratuíto, e pleonástico, por redundante, que consiste en que se lle valoren as súas obras porque teñen o frescor impagábel do xuvenil. Madia leva que non lle queda máis remedio, malia haber tamén mozos que parecen vellos, pero que o parecen, non naquilo que fai dos vellos eternos mozos, senón no que os fai defuntos en vida. Disto sabía moito Manuel Antonio.

Ricardo Martínez Conde non é ningún adolescente-vello e tampouco non é ningún vello-defunto. É un poeta no sentido máis exacto da palabra, é dicir, no sentido indicíbel.

Eis, lector, un feixe de poemas que non podería escribir un mozo amparándose nese “valor engadido” que é a xuventude, porque a súa elaboración non require tan só pericia e sensibilidade, senón tamén experiencia e sabedoría, vixilia (mesmo nos sonhos), moitas horas de contemplación activa, moita agudeza no mirar e no sentir, e moitos reflexos para coller no seu pasar veolocísimo a palabra exacta para o momento exacto en que a epifanía, a revelación, acode brillando aos ollos, ao pensamento ou ao corazón.

En Galicia temos poucos poetas do silencio, por máis que o gran Novoneyra valla por todos os que non foron. Martínez Conde acóllese tamén a ese difícil arte do calar moito dicindo pouco e do expresar todo con case nada. Próximos ao aforismo pero inxectados por veces do sutil espírito do *hai-ku*, estes poemas mínimos de Martínez Conde agochan moito do saber fundamental amoreado polo home esencial coa ledicia do asombro e coa dor da experiencia do home histórico.

Lector, acompaña ao poeta na súa mínima fiestra, debulla e atrévete a sentir con el, verás qué abismos.

Debullar

Por Ricardo Martínez Conde

¡Esas árbores o que precisan é palabra,
compañía!

¡Séculos e séculos matinando (¿sen querer
aceptalo?) sobre o posible beneficio da noite!

O mar anoa

A mirada sencilla saberá distingui-la beleza
no entorno acre

¿Será a experiencia quen favorece a dúbida?

Cando se acode á escritura é que xa se está a
tocar fondo

É difícil coñecer ás veces cando a sospeita
vén de fóra ou vén de dentro. Aí é onde adquire
presencia real o Outro, ese que tamén somos

O corazón, como un neno, sempre a bulir.
¡Perfecta imperfección do escritor!

A pesares da xenerosa advertencia, da vella
prevención, ¡o Destino e o Azar seducen tanto!

¿Quen ousaría, a estas alturas da historia do
Home, separar o Ben do Mal? ¿Non é certo que son
un, e xuntos constitúen iso que chamamos Realidade?

O silencio como principio da Individualidade

Aquel home atopábase tan gravemente
enfermo de si mesmo que necesitaba a cotío
escoitadores, marcos de espello

A sospeita non desacouga porque cada quen
teña unha resposta, senón porque teña unha resposta
moral. Iso é o grave

¡Qué propiedades podería xustifica-lo home,
ese grande deshedado!

¡Qué dixo?: ¿a pericia de vivir ou a
preguiza de vivir?

¡Algunhas manchas, sobre todo as persoais,
son tan difíciles de disolver!

Vivir sen as dúbidas: río sen auga

¡Escuras filosofías que só serven ó instinto!

Dicía que falaba cos seus antergos, pero en

realidade só falaba co seu espello esfarelado

Tiveron que operalo a intelixencia aberta e
non o superou

¡O hábito como herencia do instinto!

O Correo Galego, 1996